
VALORES ÉTICOS:

Imos entender e tamén sentir o que é unha Calidade moral chamada “Empatía”. É unha habilidade social que todos temos, pero que é importante desenvolver para mellorar a relación cos demais.

A orixe da palabra procede da lingua grega EMPATHES, cuxo significado era “APAIXONADO”. É dicir o que sente na súa mente como se sente outra persoa. A finalidade da **Empatía** é ter presente as necesidades e os sentimentos das persoas para sentir o que o outro sente e así comprendelo mellor, amosar interese por comprendelo e mellorar deste xeito as nosas relacións cos outros.

Trazos da persoa “empática”:

- Recoñecer as emocións dos demais e as dun mesmo
- escoitar aos outros
- Recoñecer os teus propios sentimentos
- Entender como se sente alguén polos seus acenos e accións.
- Identificarse cos outros e coas súas emocións
- Ver as cousas dende o punto de vista da outra persoa.
- Respetar os demais, aínda que non pensen e actúen coma nós.

Imos visualizar a curtametraxe de CHANO PIÑEIRO titulada MAMASUNCIÓN e en base a ela trataremos de contestar estas cuestións para “sentir como se sente unha persoa soa e tamén o valor moral da humildade e o respecto polos demais independentemente dos seus coñecementos ou da súa condición social, e tamén a solidariedade”.

- Breve resumo da historia e busca información na rede sobre a vida do director.
- Como se sente a nai do emigrado a México?
- Como se sentiría noutro país o galego que emigrou?
- É pobre a Nai?
- Por que non fala?
- Por que o home que ten problemas coa bebida é o único que a axuda?. A que lle axuda?
- Ten traballo o señor que ten problemas coa bebida?
- Na curtametraxe vense moitos hórreos semiabandonados? A situación de crise e falta de traballo pode explicar a miseria e a emigración?
- Póñense no seu punto de vista os veciños? Por que?
- Comprendes como se sente ao queimar o diñeiro?
- Cal sería a maior “riqueza” para ela?
- Como poderíamos poñernos no seu punto de vista?
- Podería pasarnos a nós ou a nosa nai o que lle pasou a ela como persoa e nai?
- Como deberían terse comportado as veciñas?
- Como debería terse comportado o fillo enriquecido en México?
- Cambiouna en algo o saber da riqueza do fillo? Por que?